



## Concello de Celanova

### **CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE CELANOVA E A ENTIDADE “CLUB PATO BLANCO CELANOVA”. (EXP. 659/2025)**

Reunidos en Celanova,

Dunha parte, don Antonio Puga Rodríguez, en calidade de Alcalde e na representación do Concello de Celanova, con CIF P3202500I.

E doutra parte, don Carlos Vispo Basalo, con DNI \*\*\*6118\*\*, en calidade de presidente da entidade Club Pato Blanco Celanova, con CIF G32360851, e que solicita subvención para contribuír ao financiamento dos gastos derivados do evento deportivo “Trail e Andaina na Vila de Celanova”, fomentando a participación cidadá no devandito evento que supón unha axuda para o desenvolvemento turístico e económico do municipio, así como o aproveitamento do tempo de lecer.

Ambas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto libremente,

#### **EXPOÑEN**

I. Que o equipo de goberno municipal é consciente da labor deportiva, pedagóxica, social e cultural da devandita asociación e da precariedade económica na que se atopa par levar a bo termo as súas actividades.

II. Que no “ANEXO I. RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS” das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2025, na aplicación orzamentaria 341.2/489.00, figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a TRES MIL EUROS (3.000,00 €), sendo a beneficiaria a entidade Club Pato Blanco Celanova, con CIF G32360851 e coa finalidade de “Contribuír ao financiamento do evento deportivo, fomentando a participación cidadá no devandito evento que supón unha axuda para o desenvolvemento turístico e económico do municipio; así como o aproveitamento do tempo de lecer.”.

#### **“ANEXO I**

#### **RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS.**

<b>APLIC. ORZAMENT.</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>DENOMINACIÓN APLICACIÓN</b>	<b>DESCRIP. TRANSF.</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>NIF/CIF</b>	<b>FINALIDADE</b>
341.2/489.00	3.000,00 €	SUBVENCIONS. PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	TRAIL E ANDAINA NA VILA DE CELANOVA	CLUB ATLETISMO PATO BLANCO	G32360851	Contribuír ao financiamento do evento deportivo, fomentando a participación cidadá no devandito evento que supón unha axuda para o desenvolvemento turístico e económico do municipio; así como o aproveitamento do tempo de lecer.

III. Que mediante a celebración do presente convenio, perséguese a determinación das concretas condicións e compromisos asumidos por ambas partes, motivo polo que se establecen as seguintes,

## Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

A presente subvención concédese a esta entidade para contribuír ao financiamento dos gastos derivados do evento deportivo "Trail e Andaina na Vila de Celanova", fomentando a participación cidadá no devandito evento que supón unha axuda para o desenvolvemento turístico e económico do municipio, así como o aproveitamento do tempo de lecer.

#### SEGUNDA.- RÉXIME DAS SUBVENCIÓNS

Tal e como se establece na Base 45, do Título V, das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2025:

##### "BASE 45ª.- REXIME DAS SUBVENCIÓNS

**Concepto.** Entenderase por subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa da persoa beneficiaria.
- Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo a persoa beneficiaria cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

**Ámbito de aplicación.** Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas monetarias que en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Principios xerais.** As subvencións terán carácter voluntario e eventual, son libremente revogables e reducibles en todo momento, non se poden alegar como precedente e non dan lugar a dereito de percepción doutra nova axuda en exercicios posteriores. En ningún caso poden responder a criterios de mera liberalidade.

O seu importe non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou de outros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.

Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou colectivos de cidadáns, que, aínda carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo os proxectos, actividades ou compromisos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

As subvencións na modalidade de concorrencia competitiva outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia, eficacia e eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

---

### Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

*Poderanse conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento que aparecen relacionadas no anexo.*

**Procedemento.** *Con carácter previo ao otorgamento das subvencións, deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno, as bases ou a ordenanza reguladora correspondente, que será obxecto da preceptiva publicación.*

*Con carácter xeral, a iniciación do expediente de concesión da subvención deberá levarse a cabo de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento que hai que seguir para a concesión das subvencións, de conformidade co art. 23 da Lei Xeral de Subvencións.*

*O procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación de solicitudes co obxecto de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras ou ordenanza correspondente, procedendo á concesión daquelas que obtivesen maior valoración de conformidade cos citados criterios.*

*A concesión directa poderá utilizarse para as seguintes subvencións:*

- *Subvencións previstas nominativamente no Anexo de subvencións das presentes Bases de execución do Orzamento.*
- *Aquelas cuxo otorgamento ou contía veña imposto por unha norma de rango legal e que seguirán o procedemento que resulte de aplicación de acordo coa súa normativa.*
- *Excepcionalmente, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que, debidamente xustificadas polo órgano xestor, dificulten a súa convocatoria.*

*Se na xestión das correspondentes subvencións participasen entidades colaboradoras, o réxime aplicable a elas será o regulado na Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo das determinacións que deban conterse na Ordenanza reguladora.*

**Órganos competentes.** *O órgano competente para a aprobación das bases que rexerán a convocatoria pública de subvencións, nas que se determinarán os requisitos para acceder a elas, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno Local.*

*O órgano competente para a autorización e disposición ou compromiso das subvencións en réxime de concorrencia competitiva será a Xunta de Goberno Local. Mentres que o recoñecemento e liquidación da obriga e ordeación do pagamento da correspondente subvención, será competencia da Alcaldía.*

*O órgano competente para a autorización e disposición ou compromiso das subvencións nominativas e de concesión directa, mediante convenio con entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, co obxecto de atender a fins de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulte a súa convocatoria pública, así como aquelas nas que o seu otorgamento ou contía veña imposto por unha norma de rango legal, é a Xunta de Goberno. Mentres que o recoñecemento e liquidación da obriga e ordeación do pagamento da correspondente subvención, será competencia da Alcaldía.*

**Requisitos xerais.** *Serán os que se establezan nas correspondentes ordenanzas aprobadas, sen prexuízo do contido mínimo previsto no art.17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Será requisito previo para o otorgamento de subvencións a existencia de crédito adecuado e suficiente. Con carácter previo á convocatoria da subvención deberá ser aprobado o gasto polo órgano competente, e tramitarse para iso o correspondente documento contable de Autorización de gasto (A), polo importe total dos créditos orzamentarios aos que se imputarán as subvencións concedidas.*

---

## Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

**Xustificación.** A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e das condicións así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención, conforme co establecido na ordenanza reguladora/bases de que se trate, así como nas instrucións que sobre control e xustificación do gasto sexan ditadas pola Intervención Xeral.

Non se poderán conceder novas subvencións ata que quede acreditada, mediante unha certificación expedida polo órgano ou funcionario/a encargado do seguimento daquela dentro da área concedente, na que quede de manifesto a xustificación total das anteriores e que respecto ás cales non foi ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao seu cobro por algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS, e que non foi acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar á persoa beneficiaria ou á entidade colaboradora, e manifestando que queda a documentación en poder da área pero a disposición da Intervención Xeral, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia para o exercicio das súas respectivas funcións fiscalizadoras.

**Pagamento das subvencións.** Cumpridas as esixencias de xustificación documental en prazo, a proposta concreta do órgano xestor, remitirase, xunto co expediente tramitado, á Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización, e se este é favorable, procederase á tramitación do recoñecemento da obriga e á correspondente ordenación do pagamento da subvención. En caso de discrepancia co informe da Intervención procederase de acordo co establecido nos artigos 215 a 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

O pago íntegro da subvención realizarase con carácter xeral previa xustificación pola persoa beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, producíndose a perda do dereito de cobro total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

En ningún caso se poderá realizar o pago da subvención en tanto o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, ou sexa debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

**Reintegro.** En caso de que o/a beneficiario/a non presentase a debida xustificación, será requirido/a para o reintegro do anticipo concedido, que se considerarán ingresos de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía do constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto no art. 42 da Lei Xeral de Subvencións, e iniciárase de oficio polo órgano competente ou como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Xeral.

O órgano competente para esixir o reintegro será o concedente da subvención.”

### **TERCEIRA.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A presente subvención ascende a TRES MIL EUROS (3.000,00 €).

Atópase consignada na aplicación orzamentaria 341.2/489.00, atopándose retido o crédito necesario mediante documento contable.

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA PRESENTE AXUDA. SUBCONTRATACIÓN**

## Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

A presente axuda é compatible con calquera outra. Non obstante, no caso de concorrencia desta axuda con outra/s, deberanse declarar o total dos fondos percibidos e deberanse selar, validez ou dilixenciar as facturas orixinais presentadas no Concello de Celanova, deixando constancia a Intervención Municipal, en cada unha destas, a concreta subvención para a que serviron de xustificación e o importe que foi imputado a esta.

Cando estas actividades fosen financiadas, ademais, con fondos propios deberá indicarse a súa procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, no momento da xustificación.

Nos termos do artigo 27 da Lei galega de subvencións, o beneficiario poderá subcontratar o 100% das actividades subvencionadas.

### **QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO E XUSTIFICACIÓN**

1.- Unicamente, serán considerados gastos subvencionables os derivados da realización das súas actividades obxecto da subvención realizados durante o ano corrente, definidos na cláusula primeira. Quedan excluídos polo tanto desta subvención os gastos financeiros (intereses e amortizacións de pasivos financeiros, como préstamos e outros análogos) e os restantes gastos que teñan o carácter de gastos de investimento, entendendo como tales a adquisición de bens de inmovilizado, tales como adquisición de terreos, maquinaria, vehículos, construcións, etc. e en xeral aqueles bens que teñan unha vida útil superior a un ano e supoñan un incremento do patrimonio da entidade, sen prexuízo do disposto na cláusula primeira.

2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que se efectúen polo Concello de Celanova ou pola súa Intervención, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

3.- Dispoñer dos libros contables e cantos estados contables e rexistros específicos lles sexan esixidos pola normativa sectorial que sexa de aplicación.

4.- Adoptar as medidas de publicidade de carácter público do financiamento das actividades, mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Celanova ou da lenda relativa ao financiamento por este, en carteis, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación.

5.- Xustificar a realización da actividade subvencionada debendo presentar a xustificación dos gastos realizados, vinculados co obxecto da subvención. Dita xustificación haberase de realizar mediante a presentación da **conta xustificativa simplificada**, que atendendo ao disposto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, **contará cos seguintes requisitos de contido:**

**a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.**

**b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:**

**1.- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.**

**2.- Detalle dos outros ingresos obtidos que financien a mesma actividade**

---

### Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia. No caso de existir outros ingresos (proprios ou doutra subvención), estarase ao sinalado na cláusula 4ª deste convenio.

Ademais, achegará as facturas orixinais ou copias compulsadas, con todos os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Concretamente, requírese que a factura reúna os seguintes requisitos: número correlativo, data de expedición, identificación competa do expedidor e do receptor, descrición da operación que se realiza, tipo impositivo de IVE e desagregación da base imponible da cota tributario do IVE. Nos supostos nos que se trate de vendas ao por menor, servizos de ambulancia, transportes, servizos de hostalería ou restauración (bares, restaurantes, etc.), fotografías, aparcamento, autopistas (e demais sinalados no artigo 4 da norma citada que non superen os 3.000,00 € poderanse substituír por factura simplificada, que conterà os requisitos do artigo 7 do mencionado Real Decreto. Aos efectos do previsto no artigo 31.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.”

As facturas orixinais devolveranse aos interesados.

Os orixinais ou copia compulsada quedarán depositados na asociación nun período de polo menos catro anos.

O importe dos gastos que se deberán xustificar deberá ser igual ou superior ao importe da subvención concedida polo Concello de Celanova, ou, no caso de obter outras axudas, a xustificación deberá ter un importe igual ou superior á suma das axudas percibidas.

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia bancaria, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o receptor e o pagador)

Unicamente os importes inferiores a 100,00 € e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura da mesma.

**O prazo máximo de xustificación e pagamento da subvención será ata o 31 de decembro de 2025.**

En caso de xustificación insuficiente, considerando como tal o suposto en que da xustificación presentada se manifeste unha cantidade de gastos subvencionables inferiores ao importe da subvención outorgada polo Concello de Celanova, ou, no seu caso, inferior ao importe da suma de outras subvencións recibidas para a mesma actividade, se procede, procederá o reintegro parcial da axuda.

No caso de que a xustificación presentada non se axuste ao disposto neste convenio, agás o previsto no parágrafo seguinte, o Concello de Celanova requirirá ao beneficiario para que no prazo de dez días proceda a enmendar as deficiencias. De non enmendar as deficiencias indicadas polo Concello, perderase o dereito do beneficiario á subvención regulada neste

---

Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

convenio, debendo proceder ao seu reintegro total, no seu caso.

No caso de non realizar tal xustificación, se procede, o beneficiario deberá reintegrar totalmente as cantidades percibidas máis os xuros de demora correspondentes, e perderá o dereito de cobro de futuras subvencións nominativas.

### **SEXTA.- OBRIGAS DO CONCELLO: PAGO E PARTIDA DE IMPUTACIÓN**

A subvención terá carácter de subvención post-pagable, de xeito que se pagará con posterioridade á súa xustificación, a fin de garantir a correcta execución das actividades desenvolvidas.

A subvención correspondente ao exercicio 2025 farase efectiva sempre que a beneficiaria asinara o presente convenio de colaboración, estea ao corrente nas súas obrigas económicas co Concello de Celanova, teña xustificadas as subvencións de exercicios anteriores e non estea incurso en ningunha das circunstancias que comportan a incapacidade para a percepción de axudas (artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia) o que se acreditará mediante declaración responsable.

O pago realizarase sempre que se cumpran as anteriores circunstancias.

### **SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio, que darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar a súa concesión.
- A falta de xustificación nos termos indicados no presente convenio.
- Os restantes supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público.

**OITAVA.-** O presente Convenio de Colaboración terá vixencia anual, ata o 31 de decembro de 2025.

**NOVENA.-** No non previsto por este Convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### **DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN**

Todas as cuestións que poidan xurdir na orde á interpretación e execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

---

Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623





## Concello de Celanova

---

Ante esta situación o Concello de Celanova está en condicións de firmar un convenio para unha inversión total de TRES MIL EUROS (3.000,00 €) que irán destinados a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do evento deportivo "Trail e Andaina na Vila de Celanova" organizado pola entidade Club Pato Blanco Celanova, fomentando a participación cidadá no devandito evento que supón unha axuda para o desenvolvemento turístico e económico do municipio, así como o aproveitamento do tempo de lecer, tendo en conta o interese público que a mesma supón.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas cláusulas e compromisos sinalados anteriormente, **MANIFESTANDO:**

**PRIMEIRO.** Que don Carlos Vispo Basalo, con DNI \*\*\*6118\*\*, en calidade de presidente da entidade Club Pato Blanco Celanova, con CIF G32360851, en virtude do establecido no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de ditos fondos poida efectuar o Concello, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

**SEGUNDO.** Que o Concello comprométese a entregar a cantidade económica de TRES MIL EUROS (3.000,00 €) trala xustificación dos devanditos gastos, con cargo á aplicación orzamentaria 341.2/489.00, do orzamento vixente do ano 2025.

Para que así conste e en proba de conformidade, o asinan no lugar enriba indicados

O Alcalde  
Don Antonio Puga Rodríguez

O Presidente da Club Pato Blanco Celanova  
Don Carlos Vispo Basalo

Celanova, na data sinalada na marxe

---

Concello de Celanova

Praza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623

